

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado por INTERVENCIÓN GENERAL. AYO A CORUÑA a las 11:00 del día 03/03/2023. Dir. Área de Economía, Hacienda e Réxime Interior (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 18:22 del día 06/03/2023, Concelleiro Delegado de Educación e Memoria (JESUS JAVIER CELEMIN SANTOS) a las 14:12 del día 08/03/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYO A CORUÑA a las 14:12 del día 08/03/2023. Mediante el código de verificación 2M063Y02484T2N020IAV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/4553/2023 el 08/03/2023



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/4553/2023 08/03/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 10817I02R0	
Código de verificación 	Expediente 108/2023/300	
2M06 3Y02 484T 2N02 0IAV	Data 03-03-2023	

Asunto: Cobertura en comisión de servizos do posto de xefatura de unidade de Recaudación no Servizo de Tesourería Xeral (ref. posto 1267).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Xefe do Servizo da Tesourería Xeral, con data 24/01/2023 e código de verificación 0W60704Q6S3T335X0RVW, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de xefatura de unidade de Recaudación (Servizo de Tesourería Xeral), nº referencia 1267 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de traballo solicítase debido a que a cobertura do posto é esencial para a xestión das distintas fases de embargo e demais actuacións da recaudación executiva en xeral. Así mesmo, esta xefatura presta apoio administrativo á xefatura do departamento e á xefatura de sección, as cales están moi sobrecargadas de traballo na actualidade.

Segundo.- Con data 27 de xaneiro de 2023, o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo xefe do servizo da Tesourería Xeral:

- Xefatura de unidade de Recaudación (Servizo de Tesourería Xeral), referencia 1267.

No citado anuncio, indicase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúna os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que quixera participar nesta convocatoria, deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Esc.	Element. Espec.
Tes. Xeral	TG1000	Recaudación	1267	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos

voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reserváraselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 1267, de xefatura de unidade de Recaudación (Servizo de Tesourería Xeral), actualmente atópase vacante.

Segunda.- O Xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, con data 28/02/2023 e código de verificación 1X3K703U3A5S5S0W0Q2S, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, así como o informe do xefe de departamento de Recaudación, de data 16/02/2023 e código de verificación 6B5M0F6C6O4P563813RK, emite unha proposta de nomeamento de Dona María Inmaculada Iglesias Hernanz, en comisión de servizos, no posto de xefatura de unidade de Recaudación (Servizo de Tesourería Xeral), nº referencia 1267 da RPT.

Terceira.- Cabe indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicidade dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de xefatura de unidade de Recaudación (ref. posto 1267) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Tesourería Xeral, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Dona María Inmaculada Iglesias Hernanz, en comisión de servizos, ao posto de traballo de xefatura de unidade de Recaudación, referenciado co número 1267 na RPT.



Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Esc.	Element. Espec.
Tes. Xeral	TG1000	Recaudación	1267	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1

Quinta. O posto de orixe de Dona María Inmaculada Iglesias Hernanz, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Tes. Xeral	TG1000	Recaudación	Aux. At. Cid.	1289	C1/C2	16	AX	FR05 AP2

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 934 do orzamento prorrogado ao ano 2023, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona María Inmaculada Iglesias Hernanz (NIF ***3298**), en comisión de servizos, ao posto de xefatura de unidade de Recaudación (Servizo de Tesourería Xeral), nº referencia 1267 da RPT. As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Esc.	Element. Espec.
Tes. Xeral	TG1000	Recaudación	1267	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa

vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, e ao xefe do servizo da Tesourería Xeral.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas